

na, das que se beneficiarán un total de 113 investigadores, deles 87 mulleres.

No eido da formación sobre o rural, sinálanse as accións dirixidas á mellora da formación permanente dos agricultores e técnicos agrarios, profundizando tanto nas ensinanzas regradas como ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos da consellería dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal. Tamén incorporan medidas específicas formativas en materia de benestar animal, seguridade nos traballos agroforestais e formación continua do persoal que traballa no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da consellería.

Apoio á formación marítimo pesqueira, e promoción das ensinanzas náutico pesqueiras, a través de proxectos de axudas, e apoio ao Plan integral de formación marítimo pesqueira, accións que están financiadas con Fondos Europeos.

Promoción do deporte. Continuarase co desenvolvemento de programas de dinamización deportiva que se levarán a cabo a través do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”, e do Plan Dotación de equipamentos ambientais de lecer aos concellos, crearanse “puntos móvete” en colaboración coas entidades locais; apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, establecendo axudas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas, o desenvolvemento do deporte de alto nivel, e a campaña de promoción deportiva na idade escolar mediante a organización de eventos deportivos.

No que atinxe á cultura, nas actuacións en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico, etnolóxico e en todas as súas manifestacións, así como nas materias de museos, e bibliotecas, consistirán en obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego, e promovendo a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño de Santiago, e a promoción dos aloxamentos relacionados co Camiño, entre outros.

En canto á promoción turística de Galicia, o obxectivo primordial é a coordinación, o impulso da xestión, e a execución das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego a través de labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, e de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento de accións encamiñadas á promoción turística interior e exterior.

III.1.4. OE 4. Atención ao benestar social

Impulsarase unha atención global ás persoas en situación de dependencia e desenvol-

veranse programas adaptados ás necesidades dos cuidadores.

Polo que respecta ás persoas maiores -máis de 65 anos-, que supoñen en Galicia o 22% do total da poboación, a atención das súas necesidades é un obxectivo das políticas sociais da Xunta, que buscan garantir o seu benestar e a súa calidade de vida.

Así mesmo, incrementarase a orientación e o asesoramento especializado á xuventude mediante a creación dunha rede territorial de servizos que lles preste especial atención ás súas problemáticas específicas.

Este obxectivo estratéxico representa o 6,7 % do Eixe I, e o 4,8 % sobre o total do PEG, cun importe de 432,2 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01 "Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social" (co 58,7 % do obxectivo, e o 2,8 % do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	56.646.616
312D SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES	299.136.443
312E SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE	60.510.674
313A SERVIZOS Á XUVENTUDE	15.905.172

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
12-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
01-SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
02-S.X. DE FAMILIA E BENESTAR
06-D.X. DA DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL
07-D.X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
<i>OE04 Atención ao benestar social</i>	432.198.905	
M01 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social	253.863.406	58,7 %
M02 Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual	40.984.452	9,5 %
M03 Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades	41.628.370	9,6 %
M99 Soporte xeral - Atención ao benestar social	95.722.677	22,1 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	336.121.874	77,77%
Orzamentos xerais do Estado	94.953.278	21,97%
INTERREG	650.598	0,15%
FSE	443.852	0,10%
OUTRAS INICIATIVAS	29.303	0,01%

No ámbito da dependencia e promoción da autonomía persoal se establecen os seguintes obxectivos: Creación e fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia tanto da persoa maior, como da persoa con discapacidade no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida. Prestarase especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas, e as persoas maiores ou con discapacidade que viven soas, e facilitaráselles a promoción da súa autonomía persoal, a través dos medios de apoio axeitados.

Incidirase en dar cobertura a atención ás persoas en situación de dependencia mediante distintas modalidades: funcionamento de centros públicos para persoas con dependencia, cun total de 9.102 prazas para persoas maiores (1.050 maiores autónomas, e 8.052 dependentes), 4.796 discapacitados (dos que 2.593 son autónomos, e 2.203 dependentes); 172 prazas en fogares residenciais; 96 prazas en aloxamentos especiais, e 3.156 en centros de atención diúrma especializados; en centros de atención especializada para persoas con discapacidade (asociacións e centros de minusválidos) prestaranse servizos a un total de 2.367 persoas.

Por outra parte, na modalidade de recursos e servizos: prestarase apoio a través do servizo de axuda no fogar, centros de día, Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (cun total de 7.300 beneficiarios), potenciarase o programa de respiro familiar, vaise incrementar en 75 os usuarios de teleasistencia; e incrementarase a atención na modalidade de servizos a 825 persoas a través da campaña de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia, e da Fundación Galega para a Tutela de Adultos, entre outros.

Dentro do ámbito da atención e apoio *aos/ás menores*, trátase de garantir o apoio, protección, promoción e defensa dos nosos menores, así como cantas actuacións de prevención en situación de risco ou desamparo lles poidan afectar. Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, que de cara á súa reeducación independentemente das súas circunstancias persoais, familiares e sociais teñen que ser tidos en conta especialmente á hora de realizar programas e de impoñer as medidas xudiciais polos xulgados.

Por iso é necesario favorecer as condicións para que poidan desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades, garantíndolle apoio e protección, incrementando a atención persoal e familiar dirixida ao benestar dos menores en risco ou desamparo, a través de acollementos familiares cun total de 1.272 menores acollidos dos cales son mulleres 617, 1.833 menores protexidos pola Xunta en residencias (77 mulleres), e de programas de integración e intervención con menores, dos que se beneficiarán 400 menores, deles 194 mulleres.

Na área da *xuventude* as liñas de accións a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o ano 2012 son as seguintes:

Implementación do Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013, unha estratexia para a mocidade galega, no que se refire á anualidade 2012, a través da posta en marcha das accións previstas no mesmo, como son os proxectos Imaxina Atlántica, Emprime, ou Iniciativa Xove, e actividades de lecer e tempo libre; fomentando e impulsando as accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países; xunto a medidas que faciliten o acceso ao emprego por parte da mocidade galega.

III.1.5. OE 5. Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

Este obxectivo comprende as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia máis solidaria e a atender os grupos con maiores riscos e vulnerabilidade na procura da igualdade de oportunidades e do acceso aos niveis básicos de benestar social, fomentando, así mesmo, as políticas de cohesión e integración.

Potenciarase o esforzo pola inclusión, integrando no mercado laboral ás persoas mediante unha aprendizaxe permanente, especialmente daqueles colectivos máis afastados dos mercados laborais habituais.

Neste obxectivo inclúense tamén as accións de acceso e de rehabilitación da vivenda e as actuacións dirixidas a promover a cultura da solidariedade e do voluntariado.

Este obxectivo estratéxico representa o 3,2 % do Eixe I, e o 2,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 206,3 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01 "Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos